

- ★ Termas
- ▲ Pozas
- Fonte
- Parque
- Aparcaoiro
- Liña de Bus
- Rota peonil
- Recorrido tren
- Camiño
- Estrada
- Autoestrada



**TREN DAS TERMAS**  
**Itinerario:** saída da P Praza Maior, Rúa Colón, Posío, Vilar, Barreira, Praza Maior, P Paseo, P Parque San Lázaro, Habana, P Ponte Romana, Ribeiriño, P Campo da Feira, P Chavasqueira, Paseo Termal, P Muíno da Veiga, P Área Termal Outariz.  
**Horario de verán - Ida:** 10, 11, 12, 13, 16, 17, 18, 19 e 20 h.  
**Horario de verán - Volta:** 11, 12, 13, 14, 17, 18, 19, 20 e 21 h.  
**Horario de inverno - Ida:** de luns a venres ás 10, 12, 16 e 18 h. Sábados, domingos e festivos ás 10, 12, 16, 18 e 20 h.  
**Horario de inverno - Volta:** de luns a venres ás 11, 13, 17 e 19 h. Sábados, domingos e festivos ás 11, 13, 17, 19 e 21 h.  
 P Parada do Tren ☎ 988 510 672



**OURENSE, CAPITAL TERMAL**

Xa fai dous mil anos que os romanos chamaban a esta cidade *Aquis Auriensis*, augas de ouro, debido á abundancia do noble metal e de augas termais. E foron estes dous preciadados dons os que, arredor das augas das Burgas, auténtico corazón de Ourense, conformaron o carácter da cidade e impulsaron o seu crecemento.

E, aínda que hai tempo que os xacementos de ouro desapareceron das marxes do Miño, o outro tesouro segue fluíndo xenerosamente dende os numerosos mananciais repartidos por todo o termo municipal.

A abundancia de xacementos e caudal permiten a Ourense ser a segunda cidade de Europa en recursos termais, e pór a disposición de veciños e visitantes unha oferta termal, de ocio e saúde, cada vez máis ampla e de contrastada calidade.

**NAS MARXES DO MIÑO**

Nas ribeiras do Miño próximas a Ourense podemos disfrutar dun agradable percorrido de 4 km., no que admirar as riquezas da flora e fauna dun entorno fluvial ben conservado e diverso.

Ademais, tanto en inverno como en verán, temos a oportunidade de relaxarnos e gozar do pracer dun baño de augas termais nas pozas de uso público e gratuito ou, se o preferimos, nas termas privadas que nos ofrecen unha ampla oferta de saúde e lecer.

En ambas marxes existe transporte público de autobuses, pero, se preferimos unha alternativa máis relaxada, podemos tomar o Tren das Termas, que nos ofrece un percorrido polo casco antigo da cidade e pola marxe dereita do Miño, rematando na área termal de Outariz.

**FLORA**

- Acacia moura
- Ameneiro
- Bidueiro
- Cana
- Castiñeiro
- Choupo
- Érbedo
- Espiga de auga
- Eucalipto
- Figueira
- Freixa
- Lirio
- Lodoeiro
- Mimosa
- Nogueira
- Oliveira
- Palla real
- Plátano de sombra
- Rebolo
- Salgueiro
- Sobreira
- Vide



**FAUNA**

- Andoriña
- Anguía
- Black-bass
- Cabaliño do demo
- Carpa vermella
- Corvo mariño real
- Escalo
- Gaivota chorona
- Gaivota patiamarela
- Garza real
- Lagartixa galega
- Lavanco real
- Lavandeira branca
- Lavandeira real
- Lontra
- Paporrubio
- Pega
- Troita
- Troita arco iris



**NORMAS HIXIÉNICAS E DE BAÑO**

- Non se permite entrar con roupa ou calzado da rúa na zona de baño.
- É obrigatorio ducharse antes do baño, en especial se usan cremas ou bronceadores.
- As persoas con feridas ou vendaxes non teñen permitido o baño.
- Persoas con medicación deben consultar ao médico o uso das augas.
- Os visitantes soamente poderán acceder aos espazos que teñan especificamente sinalados.
- Non está permitida a entrada de animais en zonas de baño.
- Non comer, beber nin fumar nas zonas reservadas para o baño.
- Non deixar desperdicios nin lixo dentro do recinto, debendo utilizar as papeleiras e outros recipientes destinados a tal uso.
- O coidado e vixilancia dos nenos é responsabilidade dos pais ou acompañantes.
- As persoas con enfermidades infecto-contaxiosas non poderán acceder ás zonas reservadas aos bañistas.

